



❑ **Título da unidade:**

TEMA 2: CONCEPTOS BÁSICOS DE ORIENTACIÓN

❑ **Descrición xustificación:**

A orientación é unha actividade física que require constantemente esixencia física e intelectual. Nesta modalidade os deportistas deberán completar un percorrido sinalado no mapa utilizando o compás como apoio. Nesta unidade trátanse os conceptos básicos que permitan coñecer o deporte así como a norma cartográfica específica que será utilizada no proceso de elaboración dos mapas propios de orientación.

❑ **Obxectivos:**

Os obxectivos que se acadarán rematada a unidade son:

- Coñecer os conceptos básicos do deporte da orientación.
- Recoñecer aspectos específicos da cartografía en orientación.

❑ **Contidos:**

Conceptuais:

- Conceptos básicos do deporte de orientación.
- A norma cartográfica: ISOM 2000 e ISSOM 2007.

Procedimentais:

- Lectura da documentación teórica.
- Elaboración das actividades e exercicios propostos.

Actitudinais:

- Colaboración nos foros do curso co resto do alumnado.

❑ **Metodoloxía:**

A proposta de traballo utilizada no curso será a empregada nesta unidade. Unha vez revisada a guía didáctica da mesma deberás empezar estudando a documentación que se te ofrece para coñecer os conceptos básicos e os procedementos de traballo. Cando consideres ter adquiridos os mesmos, realiza a autoavaliación da unidade e a tarefa proposta. Recorda colaborar cos teus compañeiros/as na resolución das dúbidas no foro.



❑ **Avaliación e mínimos:**

Criterios de avaliación:

- Recoñecer as diferentes modalidades do deporte.
- Diferenciar os aspectos específicos da cartografía en orientación.
- Dominar a simbología específica dos mapas de orientación.

Ferramentas de avaliación:

- **Questionario** de autoavaliación online. Consistirá nun test verdadeiro/falso sobre a temática explicada.
- **Tarefa** ou actividade sobre a unidade. Deberás contestar as preguntas solicitadas ou incorporar “pantallazos” que demostren que realizaches as operacións propostas e posteriormente subir á plataforma o exercicio para a súa corrección.

Mínimos:

- O cuestionario de autoavaliación online debe ser superado cun 70% da nota e dispós dun número de intentos ilimitado para conseguilo.
- A tarefa deberá ser valorada cunha nota do 50% seguindo os criterios específicos de corrección para considerala superada.